

Estimadas familias:

Esperamos que sigades tod@s ben, pouco a pouco estamos dando pasiños cara esa ansiada normalidade. Xa queda menos, un esforzo máis que imos conseguilo con toda certeza! Isos “grandes peques” están a facelo moi ben. Xa chegaron materiais e vídeos ou audios e xa vemos que están a traballar moito e a mellorar máis. A seguir así !!

En vista de que isto se prolonga, propoñemos novo material para traballar. Todo o que suxerimos antes está vixente: lectura, lectura e moitísima lectura., ditados, creación de frases, diarios, aprendizaxe de pequenos poemas, numeración, problemas de sumas e restas etc.

Si alguén non rematou o anterior material segue co mesmo, os que xa o fixeron comezan con este novo. As lecturas son un pouco máis longas porque xa podemos, van unas follas de vocabulario de galego que non fai falla imprimilas e si o facedes, non ten que ser a cor.

Está pensado tamén para un par de semanas, máis ou menos. Están calculadas da orde de 4 ou 5 fichas ao día, pero sempre recalcamos en función das posibilidades da familia, do ritmo do neno e de todos os imponderables que poidades ter.

Seguíde mandando traballo para que o vexamos e as lecturas cando consideredes. Creo que para eles é importante e serve de estímulo.

Un saúdo e ánimo, xa falta menos.

Isabel e Chus.